



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE SETEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00042943X.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 1 de setembro de 2022.
- Ordinaria de data 5 de setembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 8 de setembro de 2022.
- Ordinaria de data 13 de setembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 16 de setembro de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00005522N.

Licenza para a rehabilitación de vivenda sita na Rúa Basquiños, 55.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico de data de visado do 31/01/2022 e o proxecto de execución de data de visado do 17/06/2022, cun orzamento de execución material de 205.088,77 €, a rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar situada na Rúa Basquiños, 55 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00037624G.

Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do Plan parcial do SUNP-7. O Avio.

Acórdase:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual do Plan parcial do SUNP-7*, segundo o Documento ambiental estratéxico (DAE) e o Borrador do plan presentados o día 26 de xullo de 2022.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).

4. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00042695S.

Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de infraestruturas e dotacións na parcela de servizos urbanos SU-3 (PEIDSU-3).

Acórdase:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial da parcela dotacional de servizos urbanos SU-3*, formulado de oficio polo Concello de Santiago.

A solicitude achegárase do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do plan asinados polo equipo redactor Alfonso Botana S.L., presentados o 22 de setembro de 2022.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).

5. CONTRATACIÓN. Referencia: Corrección erros validación omisión función interventora S/2022/153.

Acórdase:

ONDE DI:

Primeiro.- Na proposta de resolución asinada pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, sobre validación de omisión da función interventora S/2022/1523 DEBE DICIR:

Primeiro.- Na proposta de resolución asinada pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, sobre validación de omisión da función interventora S/2022/153

ONDE DI:

“A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Na proposta de resolución asinada pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, sobre validación de omisión da función interventora S/2022/1523.”

DEBE DICIR:

“A Xunta de Goberno Local acorda: Primeiro.- Na proposta de resolución asinada pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, sobre validación de omisión da función interventora S/2022/153.”

6. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/178.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por “Neumáticos Pájaro, SL.” en concepto de subministración de pneumáticos para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao período de maio a xuño do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SETECENTOS QUINCE EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (715,22 €), segundo relación contable de facturas S/2022/178 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2459 por importe de 18,15 euros e remata pola número F/2022/3249, expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/183.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da facturas emitidas por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes aos meses de maio e xuño do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL OITOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (6.865,14 €), segundo relación contable de facturas S/2022/183 que se chega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2582 por importe de 3.752,26 euros e remata pola factura número F/2022/3132 por importe de 3.112,88 euros, emitidas pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

8. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI 1124/2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das relacións de facturas S/2022/184 e S/2022/191.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL NOVECIENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (2.994,33 euros, sumatorio de 2.316,22 € + 678,11 €) en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais, correspondentes aos períodos comprendidos entre xullo de 2021 a xuño de 2022 e entre maio e xuño do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI 1130/2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/2457 emitida por UTE D Telefónica de España SAU Telefónica Móviles España SAU, en concepto de servizos voz fixa e conexións correspondentes ao mes de maio do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de ONCE MIL SETECENTOS DEZAOITO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (11.718,91€) correspondentes á factura número F/2022/2457, en concepto de servizos voz fixa e conexións correspondentes ao mes de MAIO do ano 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. DEPORTES. Referencia: 3505 - fra. maio.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/2447 emitida pola mercantil Prezero España S.A.U. (anteriormente Cespa Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A.) en concepto de servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente ao mes de maio do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente ao mes de maio do ano 2022

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (13.264,17 €), segundo a factura F/2022/2447 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de maio de 2022, emitida pola empresa PREZERO ESPAÑA S.A.U., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. DEPORTES. Referencia: 3505 - fra. xuño.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/3008 emitida pola mercantil Prezero España S.A.U. (anteriormente Cespa Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A.) en concepto de servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente ao mes de xuño do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente ao mes de xuño do ano 2022

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de TRECE MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (13.264,17 €), segundo a factura F/2022/3008 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de xuño de 2022, emitida pola empresa PREZERO ESPAÑA S.A.U., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. DEPORTES. Referencia: 3522/2022 (F/2022/2517).

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/2517 emitida por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de maio de 2022.

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polo gasto derivado da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de maio de 2022.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (55.537,94 euros) segundo a factura F/2022/2517 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de maio de 2022, a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

13. DEPORTES. Referencia: 3522/2022 (F/2022/3112).

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/3112 emitida por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de xuño de 2022.

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polo gasto derivado da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de xuño de 2022.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (55.537,94 euros) segundo a factura F/2022/3112 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de xuño de 2022, a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A.), imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

14. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00029321G.

Aprobación do texto do convenio e a concesión directa da subvención ao Ateneo de Santiago.

Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención ao Ateneo de Santiago, por importe de **20.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890002, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

15. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00024523J.

Aprobación do texto do convenio e a concesión da subvención directa a Performa Sociedade Cooperativa Galega para a anualidade 2022.

Acórdase:

▣ Aprobar o texto do convenio e a concesión da subvención directa a Performa Sociedade Cooperativa Galega.

▣ Aprobar o gasto por importe de **50.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890008, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

16. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00030750F.

Aprobación do texto do convenio e concesión directa da subvención á Asociación Cultural Cidade Vella para a anualidade 2022.

Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención á Asociación Cultural Cidade Vella, por importe de **20.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890006, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

17. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00006533B.

Aprobación do convenio coa CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA no marco do programa Compostela Móvese ano 2022.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Cámara Oficial de Comercio de Santiago de Compostela

Segundo.- Aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de **75.000.-€** con cargo á aplicación 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2022

Terceiro.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

18. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00018207E.

Aprobación do convenio coa ASOCIACIÓN AREA EMPRESARIAL DO TAMBRE no marco do programa Compostela Móvese 2022.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Área Empresarial do Tambre

Segundo.- Aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de **50.000.-€** con cargo á aplicación 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2022

Terceiro.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

19. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00018252K.

Aprobación do convenio coa UNION DE COOPERATIVAS ESPAZO COOP no marco do programa Compostela Móvese 2022.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Unión de Cooperativas Espazo Coop

Segundo.- Aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de **39.000.-€** con cargo á aplicación 010 43300 4890004 dos orzamentos municipais de 2022

Terceiro.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00035921A.

Aprobación do convenio de asistencia xurídica a MERCAGALICIA.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio de asistencia xurídica entre o Concello de Santiago de Compostela (Asesoría Xurídica) e a entidade mercantil Mercados Centrales de Abastecimiento de Santiago M.P. S.A. (MERCAGALICIA).

SEGUNDO.- Notificar o acordo adoptado á sociedade MERCAGALICIA coa finalidade de proceder á súa sinatura.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00020476Z.

Aprobación do Convenio de asistencia xurídica entre o Concello de Santiago de Compostela (Asesoría Xurídica) e a Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais, S.L. (UNINOVA).

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio de asistencia xurídica entre o Concello de Santiago de Compostela (Asesoría Xurídica) e a Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais, S.L. (UNINOVA).

SEGUNDO.- Notificar o acordo adoptado á sociedade UNINOVA coa finalidade de proceder á súa sinatura.

22. DEPORTES. Referencia: 2021/00051700P.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Victoria para o ano 2021.

Apróbase a xustificación presentada por CLUB VICTORIA do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2021, sendo a cantidade a abonar de **8.438 €**, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890011.

23. DEPORTES. Referencia: 2021/00051648W.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Iudo e D.A. para o ano 2021.

Apróbase a xustificación presentada pola FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO E D.A. do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago ano 2021, sendo a cantidade a abonar de **6.000 €**, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890014.

24. DEPORTES. Referencia: 2021/00048015A.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Kárate e D.A. para o ano 2021.

Apróbase a xustificación presentada pola FEDERACIÓN GALEGA DE KÁRATE E D.A., do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago ano 2021, sendo a cantidade a abonar de **6.000 €**, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890016.

25. DEPORTES. Referencia: 2022/00041898T.

Recurso de reposición interposto polo Club Santiago Futsal contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2022, de xustificación das subvencións concedidas ao abeiro da convocatoria destinada ao fomento do deporte federado 2021. Expediente 2021/43703S

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto polo CLUB SANTIAGO FUTSAL contra o acordo da Xunta de Goberno de data 14 de xullo de 2022.

26. DEPORTES. Referencia: 2022/00037177V.

Reclamación presentada pola sociedade mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L. das cantidades non percibidas pola non actualización da tarifas correspondentes ao exercicio 2018.

Acórdase:

Primeiro. Estimar a solicitude presentada por XADE SL presentada no rexistro municipal con data 08.09.2021 na que se reclama ao Concello de Santiago a cantidade de 266.740,36 euros en concepto de diferenzas entre ingresos percibidos no exercicio 2018 e os que debeu de percibir con arreglo ás tarifas actualizadas que correspondían a aquel exercicio, con inclusión dos xuros acumulados e actualizados á metade de 2022 que ascenden a 29.106,15 €, resultando un total de **295.846,51 €**.

Segundo. Autorizar e aprobar o gasto correspondente por importe de 295.846,51 €, con imputación á aplicación orzamentaria 090 34200 2269999 a cantidade de 266.740,36 euros en concepto de diferenzas entre ingresos percibidos no exercicio 2018 e os que debeu de percibir con arreglo ás tarifas actualizadas que correspondían a aquel exercicio e, con cargo á aplicación 030 9200 3520099 a cantidade acumulada e actualizada en concepto de xuros non devengados por valor de 29.106,15 euros.

27. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00042884C.

Aprobación do procedemento de solicitude de praza para o período lectivo e non lectivo, alta e prazos de inscrición no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes. Curso 2022-2023.

Apróbase o procedemento de solicitude de praza para o período lectivo e non lectivo, alta e prazos de inscrición no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes. Curso 2022-2023.

PRAZO DE SOLICITUDE PARA O PERÍODO LECTIVO

Do **27 de setembro ao 6 de outubro** (ámbolos dous inclusive) ábrese o prazo de solicitude de praza no programa de actividades do **período lectivo** no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para o curso 2022-2023. Tanto para a renovación de praza como para as novas solicitudes.

Queda aberta a inscrición fóra dos prazos establecidos, durante o resto do curso, unicamente co criterio de orde de entrada de solicitude na web do centro. Neste período as persoas que desexen facer uso do servizo deberán facer a solicitude da súa praza cunha mínima de dous días hábiles.

Durante os prazos de solicitude de praza o centro ofertará xornadas de portas abertas **previa inscrición** na páxina web.

O servizo comezará o día indicado na publicación de listaxes por parte do Espazo María Miramontes.

PRAZO DE SOLICITUDE PARA PERÍODOS NON LECTIVOS

Os períodos non lectivos terán procesos de solicitude de praza independentes nas seguintes datas:

● **Vaca-Ludos Nadal:**

- Período de solicitude de praza: do **7/11/2022 ao 16/11/2022** (ámbolos dous inclusive).
- Comunicación de prazas: 28/11/2022.

● **Vaca-Ludos Entroido:**

- Período de solicitude de praza: Do **11/01/2023 ao 20/01/2023** (ámbolos dous inclusive).
- Comunicación de prazas: 31/01/2023.

● **Vaca-Ludos Semana Santa:**

- Período de solicitude de praza: Do **06/02/2023 ao 15/02/2023** (ámbolos dous inclusive).
- Comunicación de prazas: 27/02/2023.

● **Vaca-Ludos Verán:**

- Período de solicitude de praza: **24/04/2023 ao 07/05/2023** (ámbolos dous inclusive).
- Comunicación de prazas: 22/05/2023.

ASIGNACIÓN DE PRAZAS

Durante todo o ano, este equipamento está pensado para responder ás necesidades de conciliación das familias. É por iso que o acceso aos seus servizos debe priorizar a aquelas que traballen ou que estean en tránsito do traballo a casa, entre as no horario de apertura do centro. Polo tanto é imprescindible que as familias acrediten fiel e responsablemente as circunstancias laborais na/s quenda/s solicitadas.

RÉXIME DE PREZOS

De balde, de acordo co recollido no Prego de Prescricións Técnicas que rexen este contrato e que establece a temporalidade e gratuidade do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca das Fontiñas ubicada no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.

Todas as persoas que desexen participar nas actividades da Ludoteca (tanto nos períodos lectivos como non lectivos) deben estar dadas de alta como requisito imprescindible (modelo ED009 educación) dispoñible na sede electrónica do Concello. Deberán cubrir o modelo de solicitude mencionado no que facilitarán a información e documentación correspondente, autorizan a estadía do menor na instalación e aceptan as condicións de funcionamento interno.

Aquelas familias de nenos/as que xa están dados de alta no Espazo Miramontes deben cubrir o formulario de solicitude da páxina web www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal.

Unha vez realizado este trámite, recibirán comunicación mediante correo electrónico informando sobre o estado da súa solicitude. Se as circunstancias laborais e familiares mudaron dende a data de alta no Espazo Miramontes deberán acreditarlo coa documentación actualizada correspondente mediante a súa presentación no Rexistro do concello.

28. COMERCIO. Referencia: 2022/00039900A.

Aprobación do procedemento de concorrência para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería Bonos Corazón Compostela 2022 e aprobación do convenio de colaboración a asinar entre o Concello e a entidade colaboradora seleccionada.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concorrência para a selección da entidade colaboradora para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería local, a través dos **bonos Corazón Compostela 2022**.

Segundo.- Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a entidade colaboradora seleccionada para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería local a través dos bonos Corazón Compostela 2022.

Terceiro.- Aprobación do gasto de **28.831,72 euros** en concepto de compensación económica á entidade colaboradora seleccionada que se sufragará con cargo á aplicación 010 43100 2269900.

29. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00037847C.

Aprobación das Bases da convocatoria de subvencións para asociacións culturais 2022.

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria de subvencións para asociacións culturais 2022.

2. Autorizar o gasto de **45.000 euros** con cargo a aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.

A convocatoria establece que as actividades subvencionables son todas aquelas que teñan un carácter cultural, que se executen dentro do termo municipal de Santiago e que sexan abertas o público.

Non poderán ser subvencionables as actividades gastronómicas nin os cursos formativos. Os gastos elixibles serán aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras, en particular: programación (por exemplo: cachés), persoal, produción, medios técnicos, promoción, publicidade ou gastos xerais.

Non poderán ser obxecto de subvención os gastos derivados da adquisicións de bens inventariables nin os que correspondan a actividades ou servizos que non estean directamente relacionados coas actividades subvencionadas.

O importe máximo da subvención para cada actividade será do 80 % do seu orzamento cun límite máximo de 5.000 €.

O período de solicitude será de un mes, contado a partir da data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

O prazo de xustificación da subvención será o comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2023. As bases prevén a realización dun anticipo do 80 % do importe da subvención concedida e o 20 % restante será abonado logo da xustificación. As bases non recollen o establecemento de garantías, tal e como se indica no artigo 34.4, dado que as subvencións se destinan á realización de actividades que implican, nunha alta porcentaxe, a mobilización de recursos de terceiros alleos á beneficiaria e, polo tanto, cómpre garantir o atendimento das obrigas económicas que desas prestacións e servizos se deriven.

30. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00037833Y.

Aprobación das Bases reguladoras da convocatoria de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2022.

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2022, que contan cun orzamento de **409.163,74** euros.
2. Autorizar o gasto de 139.163,74 € euros con cargo a aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4790100 e o gasto de 270.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4790101 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.

A convocatoria establece que as actividades subvencionables son todas aquelas que teñan un carácter cultural, que se executen dentro do termo municipal de Santiago e que sexan abertas o público.

Non poderán ser subvencionables as actividades gastronómicas nin os cursos formativos. Os gastos elixibles serán aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras, en particular: programación (por exemplo: cachés), persoal, produción, medios técnicos, promoción, publicidade ou gastos xerais.

Non poderán ser obxecto de subvención os gastos derivados da adquisicións de bens inventariables nin os que correspondan a actividades ou servizos que non estean directamente relacionados coas actividades subvencionadas. O importe máximo da subvención para cada actividade será do 80 % do seu orzamento cun límite máximo de 35.000 €.

O período de solicitude será de un mes, contado a partir da data de publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

O prazo de xustificación da subvención será o comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2023. As bases prevén a realización dun anticipo do 80 % do importe da subvención concedida e o 20 % restante será abonado logo da xustificación. As bases non recollen o establecemento de garantías, tal e como se indica no artigo 34.4, dado que as subvencións se destinan á realización de actividades que implican, nunha alta porcentaxe, a mobilización de recursos de terceiros alleos á beneficiaria e, polo tanto, cómpre garantir o atendimento das obrigas económicas que desas prestacións e servizos se deriven. En termos xerais, o sector cultural sufriu unha forte descapitalización como consecuencia da pandemia polo que o anticipo resulta imprescindible para garantir a viabilidade da actividade subvencionada que sen este aporte non sería posible na maior parte dos casos.

31. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00037425N.

Aprobación das retribucións das persoas que forman o xurado do premio de creación literaria Exeria anualidade 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o gasto por importe de 225 euros con cargo á aplicación orzamentaria 050 33400 2330000
2. Retribuir aos tres membros do xurado do Premio Exeria de proxectos de creación literaria SELIC as cantidades de 75 euros a cada un deles.

32. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2022/00042943X.

Préstamo á Fundación Granell dunha obra, cedida en comodato ao Concello, para a súa exhibición nunha exposición temporal.

Acórdase acceder ao solicitado pola Fundación Eugenio Granell, poñendo á súa disposición a obra cedida en comodato “Los trabajos de Venus”, co fin de que se exhiba na exposición “Granell e os seus personaxes preferidos”, a desenvolver entre o 6 de outubro de 2022 e o 17 de setembro de 2023 na sede da fundación.

33. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00042943X.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 16 a 22 de setembro de 2022.

URXENCIAS

34. Planeamento. Referencia. PLA/81/2013

Resolución do Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas e o Concello para o financiamento da redacción da Revisión do Plan especial de protección da cidade histórica do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

-Autorizar a resolución por mutuo acordo do Convenio de colaboración asinado o 12 de xullo de 2003 pola Consellería de Medio Ambiente e polo Concello de Santiago para o financiamento da redacción da Revisión do Plan especial de protección da cidade histórica.

De conformidade co artigo 51.2.b) da Lei 40/2015 a resolución formalizarse nun acordo unánime de todos os firmantes, que deberá asinar o Alcalde en representación do Concello, ademais da representante da Consellería.

No acordo de resolución as partes firmantes comprometeranse a iniciar os trámites para asinar un novo convenio de colaboración co obxecto de financiar os traballos de reforma do planeamento vixente na Cidade Histórica.

35. Parques e xardíns. Referencia 2022/00043199J

Aprobación proxecto básico e de execución “Espazo interxeneracional no Sar”.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto básico e de execución de data 23/09/2022 da obra de “*Espazo interxeneracional no Sar*”, de agosto de 2022, que ten as seguintes características:

▣ Orzamento das obras: 106.006,19 € + 22.261,30 € de IVE (21%) = **128.267,49 €**.

▣ Prazo de execución: 3 meses.

▣ Clasificación do contratista: non se esixe.

Clasificación supletoria aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica: grupo G / subgrupo 6 / categoría 1.

Segundo. Con carácter previo á licitación das obras dispoñer da autorización sectorial da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia).

O obxecto do proxecto básico e de execución é o acondicionamento dunha parcela situada entre a Ruta da Prata do Camiño de Santiago e a Calzada do Sar para crear un espazo interxeneracional creando unha zona de xogos e de estar con arboredo e zonas axardinadas, facendo un espazo accesible que conte cunha iluminación apropiada.

36. Deportes. Referencia 2021/00051617V

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Española de Luchas Olímpicas y D.A. para o ano 2021.

Apróbase a xustificación presentada pola FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y D.A., do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago ano 2021, sendo a cantidade a abonar de **8.000 €**, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890021.

37. Deportes. Referencia 2021/00051705J

XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO (FEDESA) PARA O ANO 2021.

Apróbase a xustificación presentada por FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO (FEDESA) do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2021, sendo a cantidade a abonar de 25.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890020.

38. Deportes. Referencia 2021/00051692T

XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E O CLUB ATLETISMO SANTIAGO PARA O ANO 2021.

Apróbase a xustificación presentada polo CLUB ATLETISMO SANTIAGO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2021, sendo a cantidade a abonar de 9.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890007.